

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ZAS
Edificio	Igrexa de Santa María de Baio
Dirección	Lugar de Baio pequeno, 25 15150
	43.15609066584639 -8.967097831917911
Protección	
Descricion	<p>A Igrexa de Santa María de Baio ten planta de salón formada por unha nave rectangular e unha capela maior. A sancristía apégase ao muro leste do presbiterio. A capela maior cóbrese cunha bóveda de canón, protexida por un arco faixón na súa parte central, como é habitual na zona. Un arco triunfal comunicaa directamente coa nave. Esta cóbrese con teitume de madeira, mentres que a sancristía aparece cuberta cunha bóveda de crucería nervada.</p> <p>Volumetricamente ó exterior diferéncianse tres volumes, claramente en xustaposición: nave, presbiterio e sancristía. Os dous primeiros con tellados a dúas augas e o terceiro con tellado a tres vertentes.</p> <p>A fachada, de cantería, ten un grande interese formal xa que a súa porta principal aparece enmarcada por unha dobre orelleira. Esta posúe molduras entrantes e saíntes que lle outorgan gran plasticidade. Como edificio barroco, a cornixa mixtilínea acentúa o movemento, o que tamén contribúe a fornela que alberga á Virxe titular.</p> <p>A espadana móstrasenos sobre unhas cornixas de sinxelas molduras. Está formada por un único corpo composto por dous arcos de medio punto sobre grandes pilastras. Balaústres de pedra completan o xogo de claroscuras, predominantes nesta fachada. Un frontón triangular aberto no centro remata o frontispicio.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	10-01-2021

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá menor (1)	CABRILLO MAYOR, JOSÉ	1944		

Espadana	Campá maior (2)	CABRILLO MAYOR, JOSÉ	1944		
----------	--	---	------	--	--

Información completa: [Igrexa de Santa María de Baio - ZAS \(GALICIA\)](#)

PDF (20-05-2026)